


Ciclo Cine e movimento obreiro



Orgullo

Ficha técnica

Título orixinal: Pride

País, ano e duración: Reino Unido, 2014, 115 minutos

Director: Matthew Warchus

Guionista: Stephen Beresford

Música: Christopher Nightingale

Fotografía: Tat Radcliffe

Montaxe: Melanie Oliver

Elenco: Ben Schnetzer, Bill Nighy, Imelda Staunton, Dominic West, Paddy Considine e Andrew Scott.

Sinopse

Basada en feitos reais, a película amosa un grupo de activistas LGTB que recadaron cartos para axudar as familias afectadas pola folga dos mineiros británicos en 1984 contra as medidas do goberno de Margaret Thatcher, ao comezo da campaña Lesbianas e Gais Apoian os Mineiros. O Sindicato Nacional de Mineiros amosouse renuente a aceptar o seu apoio debido ás preocupacións que tiña de ser asociado cun grupo abertamente gai, polo que os activistas decidiron levar as súas doazóns directamente a un pequeno pobo mineiro de Gales, dando como resultado una alianza entre as dúas comunidades. A alianza non se parecía a ningunha vista antes, pero foi un éxito.

Como se fixo a película:

Moitos dos momentos máis increíbles ou sentimentais do filme están baseados en testimonios reais, pero a película non so utiliza os feitos reais como fondo da historia, senón que se basea en nas vivencias de persoas reais, identificadas polos seus nomes. Warchus enche a metraxe con multitude de Personaxes e subtramas que fan de Orgullo un mosaico atemporal sobre as diferenzas sexuais e sociais entre las persoas e como se enfrontan a elas. O xove homosexual que teme saír do armario, o activista de pura cepa que fai da loita e a rebeldía o seu propósito na vida, a superación dos prexuizos homófobos...

Todo isto e moito máis ten cabida en Orgullo e se une para formar un todo coherente. O filme ten momentos realmente divertidos, pero nunca recorre ao humor fácil. Utiliza clichés, pero non chega a caer no ridículo. Por suposto, hay secuencias trágicas capaces de arrancar algunha que outra lágrima, pero en ningún momento chegan a ocultar o ton positivo subxacente. As interpretacións del elenco contribúen a dotar de humanidade a película e tanto os actores máis veteranos coma os máis inexpertos fan un magnífico traballo, evitando caer no histrionismo e no artificial tan habituais cando se tratan estes temas. Beresford, o novato guionista, ouvira falar desta historia, pero pensaba que se trataba dun mito. O guionista explica que, tras atopar un vídeo gravado na época polos membros de LGSM puido poñerse en contacto con algúns deles ata dar con Mike Jackson (Joe Gilgun na peli), gran amigo de Ashton, secretario e cofundador do grupo. Jackson conservaba todas as actas de reunións e os recortes de prensa, que serviron para a reconstrución dos feitos..



Nomes propios

Matthew Warchus: O director do filme desenvolveu a súa carreira na dirección teatral, tendo unha filmografía corta. Destaca nela, precisamente, *Orgullo*, que foi a súa segunda rodaxe.

Stephen Beresford: Sorprendentemente, *Orgullo* foi o seu primeiro guión e, dende entón, só fixo un máis: o adicado a *Tolkien*, o afamado autor de *O señor dos aneis*.

Mark Ashton: Activista gai e comunista, faleceu a causa do sida en 1985. Foi o creador e impulsor da campaña *Lesbianas e Gais Apoian os Mineiros*. Na película foi interpretado por **Ben Schnetzer**.

Hefina Headon: activista galesa polos dereitos humanos, foi interpretada por **Imelda Staunton**, prestixiosa actriz británica.

Jonathan Blake: Primerio home diagnosticado con sida no Reino Unido, foi interpretado por **Dominic West**, protagonista da serie *O cable* (*The Wire*) ou de películas coma *Chicago*.

Electric Ballroom: Local no que tivo lugar o concerto benéfico o 10 de decembro de 1984 e que está ubicado no barrio de Camden (Londres).

